

O relato sutil dun terror panóptico

Manuel Rivas

Por que peta tanto este libro cando o abres? Por que, se trata do pasado, conmove tanto?

Como no andar simultáneo do vagabundo de Charlot, que apoia a un tempo no día e na noite, no desalento e na esperanza, tamén o casual ten unha conexión íntima coa causalidade.

“Toda historia é historia contemporánea”, deixou escrito R. G. Collingwood en *The Idea of History*. Mais hai unha historia que percibimos como dobremente contemporánea. Porque vén dun pasado furtado e porque semella perigosamente futurista.

Vas ler algo, pois, que fai abanear o mobiliario histórico. Vas recibir unha información perturbadora, un deses estrelamos que se abre paso entre as lamias da persiana da ocultación, perpetrada ás veces coa hipócrita desculpa da “operación *Olvido*”.

Vas entrar en *Bibliotecarias e bibliotecarios “infames”*, vas saír da autoestrada do relato histórico convencional, vas ir a pé, a valmontes, pola banda inhóspita da historia, e vas sentir que a intrahistoria, como o rumor dun bater de alas nun bosque queimado, vén por ti. Cada vez que entres nunha biblioteca ou nun arquivo, ou cada vez que escoites “depuración” ou “extirpación”, vaste lembrar de *Bibliotecarias e bibliotecarios “infames”*, de como o compromiso polo espallamento do saber se converteu nunha proba de cargo e nunha mancha ominosa, de como palabras de uso hixiénico ou sanitario poden ser envelenadas polo arsénico do odio e metamorfosearse en sinistros eufemismos.

Xa nada máis abrir *Bibliotecarias e bibliotecarios “infames”*, nos detalles limiares, a historia crúa lanza unha presada de cinza nos teus ollos: “*Los enemigos de España fueron condenados al fuego*”. Non, non é a crónica dun Acto Xeral de Fe da antiga Inquisición. Isto ocorreu o 2 de maio de 1939. Vive xente que puido ter noticia ou velo, sentir o cheiro daquel fume de matadoiro. Quen son eses inimigos? Os libros. Libros amoreados no patio da Universidade Central de Madrid. Como sabemos, houbo moitos actos semellantes. E ao xeito de Goebbels (que antes de ministro de Propaganda nazi foi profesor de Literatura) no Berlín de 1933, aquí é tamén un catedrático, Antonio Luna, quen oficia no *auto de fe*. É curiosa a escolma que fai para ilustrar esa lista de inimigos de España: “E incluimos en nuestro índice a Sabino Arana, Juan Jacobo Rousseau, Carlos Marx, Voltaire, Lamartine, Máximo Gorki, Remarque, Freud y al Heraldo de Madrid.” Velaí, pois, ardeando xuntos Arana, Marx, Freud e os redactores do Heraldo. Unha antropofaxia sen límites, pois ben sabemos que canda os libros había a vontade tamén de queimar as persoas: quen os escribía, quen os tiña nos seus andeis... E os bibliotecarios! Os bibliotecarios son, por natureza, quen custodia os libros, quen ergue o fogar dos libros, quen pon unha orde fértil nese xardín. No retorno de Torquemada, con indumentaria mixta de integrismo relixioso e fascismo, os autos de fe dos vencedores formaban parte dunha escenografía do escarmento, co propósito explícito,

tantas veces formulado, esa estupidez que atravesaba o cadro neurótico do franquismo, de “arrincar até a derradeira raíz da ilustración”. Pero o máis estarrecedor non son as lapas, senón a queima en marcha que vai rilar a madeira da humanidade que medrara no período no que a esperanza, como a esfera terrestre, pousou en España. Quen eran pois os inimigos? Dende logo os que non foron partidarios do golpe e do réxime pro-fascista, mesmo os indiferentes, todos eran sospeitosos. Mais nesa tarefa exterminadora, as pezas que *adornaban* a batida eran aquelas que encarnaban o milagre máis notorio da República: a multiplicación de escolas e bibliotecas. Foi así que, de súbito, o ideal pasou a ser terríbel estigma. Hai un cadro que di todo o que cómpre dicir e máis o indicíbel: *A derradeira lección do mestre*, de Castelao. No caso que nos trae de bibliotecas (e arquivos e museos), vemos como unhas persoas exemplares, entregadas ao seu mester, con brillante historial, moitas co mérito patriótico de salvar o patrimonio cultural baixo as bombas, van ter de afrontar o paradoxo de que cada pegada da súa vida vai ser esculcada e xulgada por un perverso ollo panóptico como no peor pesadelo imaxinábel.

Este é un libro de historia, si. Ben feito. Impecábel. Mais tamén un libro que fai historia: un acto de verdade, xustiza e reparación. Se cadra é ilusoria esta idea de que un libro pode facer o que un país en estado zombi non é quen de facer. Facer o que é debido, pois unha sociedade, un hábitat humano, defínese por aquilo que lembra e honra. E se nun lugar central de Coruña está a representación da heroína María Pita disposta ás armas para defender a cidade, non moi afastada debería andar unha imaxe de Juana Capdevielle cun libro na man. Nin sequera iso.

Non faría falta un monumento monumental. Abondaría coa luz dun vagalume nunha redoma. Juan Rulfo citaba con admiración aos indios que un día lle dixeron: abonda un vagalume na noite para non nos perder. Ao xeito de Elias Canetti, que se preguntaba de mozo se un escritor podía parar unha guerra con palabras, tamén podemos preguntármolos hoxe se o relato da inxustiza fai xustiza aos que sufriron eses tempos tan difíciles (“tempora habemus difficile”, como na célebre carta de Luis de Vives a Erasmo) nos que non se podía “falar nin calar sen perigo”. *Bibliotecarias e bibliotecarios “infames”* enche un baleiro, despois de moito escarvar. Canto máis escarva, máis baleiro enche? O que iso quer dicir? Gran parte da historia de España é unha *aldea potenkiiana*, un simulacro de cartón pedra, aínda sen desentullar. Quen pense que é esaxerada ou parcial esta visión, velaí ten o episodio do *Diccionario Biográfico de España*, escoura reaccionaria, *simpática* cos protagonistas da Ditadura, unha obra “académica” monumental (mágoa de bosques demoucados!), pagada con orzamentos do Estado democrático. Malia a crise e os peches industriais, mantense rufa a incesante factoría do esperpento. O historiador valente, por moita coraxe que teña, non dá feito co desentullo. Vai profundando laboriosamente na estratografía da infamia, mais caen sobre el e o espazo aberto novas moreas de escombro. Quen está arriba, enchendo de lixo o baleirado? Pois individuos que asinan como “historiadores” asemade. Eles non desentullan. Seguen a amourear escombro.

Walter Benjamin, nas súas Teses sobre o concepto da historia, fala dun intre en que o pasado se esforza en mostrarse ao sol no ceo da historia, un intre semellante ao secreto heliotropismo de plantas e flores. O máis sutil dos movementos. Velaí o quefacer histórico. Ese movemento sutil adoita producirse cando a memoria refulxe nun intre de “perigo”.

Esta é a condición de *Bibliotecarias e bibliotecarios “infames”*, a obra na que o noso historiador desvela a persecución das “plantas e flores” da República das Bibliotecas, con especial atención a un grupo de mulleres excepcionais, na primeira liña da ilustración do pobo, da igualdade de xéneros, e do librepensamento.

O inquisidor falará da vida dun dos perseguidos como “escandalosamente escandaloso”. O “escandalosamente escandaloso” é o que aquí se conta. O que sucedeu coa mellor semente da Institución Libre de Enseñanza e co Seminario de Estudos Galegos. Escandaloso o que se conta. Un duro treito narrado con sutileza. Ese é o xeito, nesta obra e nas anteriores, fundamentais xa para documentarse na historia dramática da cultura, do quefacer de Francisco Xavier Redondo Abal.

Bibliotecarias e bibliotecarios “infames” semella escrito coa perseveranza luminosa do guizo, ese pau resistente onde a lingua de lume faise lapis, nun movemento ben sutil.